CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Emprega diferentes fontes históricas para coñecer procesos históricos pertencentes a esta etapa.	PE	100
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora e/ou analiza eixes históricos para identificar procesos históricos desta etapa		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Emprega diferentes fontes históricas para coñecer procesos históricos pertencentes a esta etapa.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñece e valora o patrimonio cultural herdado dos pobos do pasado e a necesidade da súa protección e posta en valor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade

Contidos
<p>- e duración.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.

UD	Título da UD	Duración
11	A demografía: estrutura e dinámica da poboación. Os movementos migratorios	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece algúns dos principais problemas da sociedade actual e propón modelos de solución aos mesmos	PE	80
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Asume o carácter diverso e plural da nosa sociedade e a necesidade de loitar contra calquera tipo de discriminación.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Identifica os elementos básicos da demografía, así como os seus problemas actuais.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece algúns dos principais problemas da sociedade actual e propón modelos de solución aos mesmos		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Emprega diversos tipos de fontes para analizar e entender problemas xeográficos actuais.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Asume o carácter diverso e plural da nosa sociedade e a necesidade de loitar contra calquera tipo de discriminación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Entende as problemáticas de xénero na nosa sociedade e a súa raíz histórica, así como o valor das xeracións anteriores.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Emprega diversos tipos de fontes para analizar e entender problemas xeográficos actuais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

UD	Título da UD	Duración
12	O proceso de urbanización do planeta. O cambio climático	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza os problemas das urbes actuais e a necesidade de cambios para asegurar un futuro sostible.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Analiza os problemas das urbes actuais e a necesidade de cambios para asegurar un futuro sostible.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende os retos actuais das relacións entre países e culturas diversas e as propostas de cooperación e colaboración internacionais para superar os problemas plantexados.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende os retos actuais das relacións entre países e culturas diversas e as propostas de cooperación e colaboración internacionais para superar os problemas plantexados.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Asume comportamentos respectuosos e pacíficos como instrumento para solucionar situacións de inxustiza e desigualdade.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entende o proceso de integración europea ao longo do tempo e os valores comúns que se comparten.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Entende os retos actuais das relacións entre países e culturas diversas e as propostas de cooperación e colaboración internacionais para superar os problemas plantexados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.

Contidos

- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.
- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.
- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de segundo os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O tratamento metodolóxico da materia axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A exposición dos temas por parte do profesor (lección maxistral participativa) compatibilizarase con metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Neste sentido, concíbese o labor docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado.

Diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como investigacións sobre temas curriculares, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais, debates, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto "Xeografía e Historia 2 ESO", ed. Vicens Vives
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Para cada tema, farase unha sinxela proba inicial (non necesariamente escrita) que permita ofrecer información sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	9	8	8	9	8	9	9	7
Proba escrita	80	100	80	100	80	100	80	100	80	100
Táboa de indicadores	20	0	20	0	20	0	20	0	20	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	7	100
Proba escrita	80	100	90
Táboa de indicadores	20	0	10

Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado por unidades didácticas ou temas impartidos. A nota de cada tema obterase mediante os seguintes instrumentos de avaliación:

-Probas escritas: naqueles temas onde se realicen probas escritas e actividades de aula, a nota da proba escrita será o 80% da nota final do tema. No caso daqueles temas onde só se realicen probas escritas, a nota destas probas será o 100% da nota final do tema.

-Actividades de aula: naqueles temas onde tamén se realicen actividades de aula, a nota de ditas actividades será o 20% da nota final do tema. Ditas actividades serán realizadas polo alumnado na aula (se a temporalización dos temas o permite) ou na casa.

Tanto nas probas como nas actividades de aula terase en conta o coidado e orde, a claridade nas respostas, o razonamento así como a calidade ortográfica (aquelas probas que presenten unha caligrafía ilexible serán avaliadas cun 0).

A nota de cada avaliación parcial será a media aritmética das notas obtidas en cada un dos temas obxecto dos exames desa avaliación.

A nota final da materia será a media aritmética das notas obtidas en cada tema ao longo do curso. Un alumno superará a materia cando esta media sexa como mínimo 5.

Criterios de recuperación:

Procedemento de recuperación:

Aqueles alumnos que non obteñan un 5 ou máis nalgún dos temas de cada avaliación, poderán realizar un exame de recuperación posterior de cada unha das avaliacións parciais (só se examinarán dos temas non aprobados e a nota obtida será o 100% ou o 80% da nota final de cada tema, dependendo de se en cada tema se realizaron ou non actividades de aula- tal e como se indicou no apartado anterior de "Criterios de cualificación"-). Naqueles temas onde se fixeron actividades de aula, o 20% restante da nota corresponderase coas actividades de aula xa realizadas

anteriormente, que non serán obxecto de recuperación).

Aqueles alumnos que non obteñan unha media de 5 ou superior despois da realización das tres avaliacións parciais e as súas correspondentes recuperacións, poderán realizar un exame final (previo á avaliación final) no que se examinarán dos temas onde non obtiveron a nota mínima de 5. Do mesmo xeito que nas recuperacións parciais, a cualificación de cada tema neste exame final será o 100% ou o 80% da nota tendo en conta se se fixeron ou non actividades de aula. Ditas actividades tampouco serán obxecto de recuperación neste exame final (a nota das mesmas será a obtida en cada avaliación, sen recuperacións parciais nin final).

A falta de asistencia a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo. A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de 0 na nota final da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación posterior.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O alumnado con materia pendente de 1º ESO, realizará 3 grupos de actividades e probas escritas, un grupo por cada avaliación. Entregaráselle a cada alumno/a un conxunto de actividades ou exercicios por trimestre correspondentes aos temas que serán obxecto das probas escritas. Unha vez realizados, estes exercicios deberán ser entregados para a súa avaliación antes da realización da proba escrita. A nota de ditos exercicios será o 20% da nota final de cada parcial. Por outro lado, haberá unha proba escrita (con exercicios semellantes aos traballados polo alumnado) en cada parcial, cuxa nota será o 80% da nota final.

A nota final da materia pendente será a media aritmética das notas obtidas en cada parcial (exercicios e probas escritas). Cando o alumno/a obteña unha nota final de 5 ou superior, terá a materia aprobada.

Se, unha vez finalizados os parciais, o alumno/a non acadara ese mínimo de 5, realizarase unha proba final na que deberá examinarse dos parciais nos que non obtivo o mínimo de 5. Nesta proba final só se terá en conta a proba escrita, cuxo valor será do 100% (é dicir, non haberá exercicios previos).

6. Medidas de atención á diversidade

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ao principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso, proporáanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

De haber alumnos cun desfase curricular evidente, deseñaríase a preceptiva adaptación curricular significativa, modificando os elementos prescriptivos do currículo en función das necesidades dos alumnos afectados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade								
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz								X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social			X	X
ET.2 - Educación ambiental				X
ET.3 - Educación para a igualdade			X	
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible			X	X
ET.7 - Educación para a paz	X			
ET.8 - Educación para o consumidor				X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a charlas	complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria		X	X
Roteiros didácticos	complementaria		X	X
Proxección de cine	complementaria	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais	complementaria		X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

No momento de elaboración desta programación, aínda non están establecidas as posibles actividades complementarias. Ao longo do curso poderán xurdir actividades moi interesantes que, na medida do posible, o departamento intentará aproveitar. En moitos casos, a colaboración con outros departamentos será imprescindible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación

Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Os criterios de cualificación foron axustados
Metodoloxía empregada
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Revisa a realización das tarefas propostas
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Realizouse a avaliación inicial
Clima de traballo na aula
Emprega variedade de recursos
Valora o esforzo

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados